



Proxecto de ORDE do xx de xxxxx de 2020, pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2020.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de marzo de 2012, establece, no seu artigo 43.1, segundo a redacción dada a este precepto pola modificación do dito decreto aprobada no Decreto 148/2014, do 6 de novembro, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 228, do 27 de novembro de 2014, que unha vez finalizado o correspondente exercicio orzamentario e, en todo caso, co día límite do 31 de marzo do exercicio inmediatamente posterior, todas as corporacións locais financiadas consonte o dito decreto deberán presentar ante o órgano de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, con atribucións en materia de servizos sociais comunitarios, a xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais así como o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano en curso. A esta data límite do 31 de marzo tamén fai referencia o artigo 58.6 do dito Decreto 99/2012, do 16 de marzo, na redacción dada polo antedito Decreto 148/2014, do 6 de novembro, para a presentación, de maneira integrada coa documentación correspondente á xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais, da certificación do órgano competente da corporación local acreditativa do gasto realizado para o desenvolvemento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, e demais datos que se lle requiran en relación coa xestión deste servizo.



Debido á necesidade de actualizar a aplicación informática a través da cal todas as corporacións locais teñen que elaborar necesariamente os formularios para a xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2020, mediante o cal as corporacións locais solicitan o financiamento para a prestación dos servizos sociais comunitarios da súa competencia, por mor dun pequeno retraso no proceso de actualización da dita aplicación que está a dificultar a súa completa dispoñibilidade coa antelación suficiente para a cobertura dos datos indicados no prazo establecido, cómpre abordar a ampliación do dito prazo, vixente en virtude da situación actual.

Logo da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e de conformidade co disposto na súa disposición adicional terceira, o cómputo destes prazos para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao ano 2020 quedou interrompido, na data de publicación do dito Real decreto.

O día 23 de maio de 2020 publicase no *Boletín Oficial do Estado* número 145 o Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. De conformidade co



disposto no seu artigo 9, reanúdase o cómputo dos prazos administrativos suspendidos dende o 1 de xuño de 2020 e, en virtude da súa disposición derogatoria única, queda derogada a disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, con efectos dende o 1 de xuño de 2020.

Por todo o exposto, coa finalidade de cumprir coas esixencias derivadas do principio xeral de seguridade xurídica (art. 9.3 da Constitución Española), e ao abeiro do disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cómpre, mediante a presente orde, ampliar os ditos prazos para a xustificación e avaliación, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, e fixar unha nova data para a súa finalización o vindeiro día 30 de xuño de 2020.

Así mesmo, clarifícase o cómputo dos prazos da documentación presentada, a través dos rexistros ou por calquera outro medio, dende o 14 de marzo de 2020.

En consecuencia, de conformidade coa disposición derradeira segunda do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que faculta á persoa titular da consellería competente no sistema galego de servizos sociais para ditar no ámbito das súas competencias cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do dito decreto, e en concreto para o desenvolvemento mediante unha orde dos aspectos procesuais relativos ao financiamento dos servizos sociais comunitarios das corporacións locais, e no uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvida polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se



establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social,

RESOLVO:

Artigo único. *Ampliación do prazo*

1. Amplíase o prazo para a presentación da xustificación e avaliación da execución do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2019, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente ao exercicio 2020, ata o día 30 de xuño de 2020, incluído.
2. Toda a documentación presentada en relación con este procedemento, a través dos rexistros ou por calquera outro medio, desde o 14 de marzo de 2020, data da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ata o 1 de xuño de 2020, data de efectos da derogación da disposición adicional terceira do dito Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, considerarase presentada o día 1 de xuño de 2020.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

A presente disposición entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xxxxx de 2020

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social